

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 22-11-2023, ditou a resolución con número 3290/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección do mestre titor do Obradoiro Dual de Emprego "CARBALLO COIDA II".

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3145/2023 de 13 de novembro de 2023 aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA II".

O prazo de presentación de solicitudes, de acordo coa base terceira parágrafo 3.1, é de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 217 de 14/11/2023).

Segundo.- Por Resolución da Alcaldía núm. 3240/2023 de 20 de novembro de 2023 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo antedito, publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo o 21/11/2023, de forma complementaria, na páxina web municipal.

Dentro do prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con data 22/11/2023 (registro de entrada 20230000006872 e 20230000006874), as dúas aspirantes que foron excluídas provisionalmente (Anexo II. R-3240/2023) presentan cadanseu escrito nos que desisten da súa solicitude de participación neste proceso selectivo.

Consideracións xurídicas.

De conformidade cos artigos 84 e 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar ao dereito no que se funde a solicitude,.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido na Base 4ª da convocatoria (*Admisión de aspirantes*) e na Base 5ª (*Composición da comisión da avaliación*) da convocatoria, e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de o de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe definitiva** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso de selección do **mestre titor/a** do Obradoiro dual de emprego "CARBALLO COIDA II".

Os aspirantes admitidos/as e excluídos/as son os relacionados no **Anexo I** (mestre titor/a).

Segundo.- Designar a Comisión da Avaliación prevista na Base 5ª da convocatoria (*Composición da comisión da avaliación*) que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

- Titular: Dª. **Carmen Del Río Rodríguez**, técnica de administración do concello de Carballo.

Suplente: D. **Carlos Collazo Martínez**, técnico superior de administración especial do concello de Carballo.

Vogais:

- Titular 1º: D. **Juan José Lorenzo Pose**, xefe de area de formación e emprego do concello de Carballo.
Suplente 1º: D. **Francisco Javier Fraga Piñeiro**, xefe de servizo de habilitación e recadación.
- Titular 2º: D. **José Manuel Facal Fariña**, enxeñeiro técnico industrial do concello de Carballo.
Suplente 2º: D. **Jesús Gende Gerpe**, aparelador do concello de Carballo.
- Titular 3º: Dª. **Susana Mariño Lorenzo**, técnica de administración xeral do concello de Carballo.
Suplente 3º: Dª. **Lorena Castrillón Manso**, enxeñeira técnica do concello de Carballo.

Secretaria/o:

- Titular 3º: D. **Vitor Recarei Añón**, administrativo do concello de Carballo.
Suplente 3º: Dª. **Mª Luz Fernández Sandá**, administrativa do concello de Carballo.

Os membros do tribunal cualificador poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Terceiro.- De acordo coa base 5.4 da convocatoria, nomear como asesora do tribunal que actuará con voz e sen voto, a Dª. **Milagros Antelo Cameán**, técnica de orientación laboral do concello de Carballo.

Cuarto.- Convocar a todos os membros da comisión da avaliación para a **constitución do tribunal** e realización da **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **xoves 23 de novembro de 2023 as 9:00 h.** no Salón de Plenos do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración do **primeiro exercicio da fase de oposición** que terá lugar o **xoves 23 de novembro de 2023 as 10:30 h.** no Salón de Plenos do concello de Carballo (Praza do Concello, S/N. 15100 Carballo).

Non será preciso a celebración do segundo exercicio da fase de oposición, avaliación do coñecemento da lingua galega, dado que tódolos/as aspirantes teñen acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a Base terceira apartado 7 (*CELGA 4 ou equivalente*).

Quinto.- Aceptar o desistimiento na súa solicitude de participación no proceso selectivo presentado polas aspirantes Dª María Begoña Casas González e Dª Nuria Otero Tomela.

Sexto.-Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal), con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.org, así como no taboleiro da oficina de emprego de Carballo e no 2º andar do Edificio Forum Carballo.

ANEXO I.

Listaxe definitiva de admitidos/as do proceso de selección do mestre titor/a do Obradoiro dual de emprego "Carballo COIDA II".

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	CAAMAÑO PEREZ	SANDRA MARIA	***2092**
2	RAMOS NOGUEIRA	FRANCISCO JAVIER	***9494**

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto